



## COMUNICADO DA COORDINADORA GALEGA DE ENDL A RESPECTO DOS PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2015

O pasado 22 de setembro a Xunta de Galicia fixo públicos os Premios da Cultura Galega 2015, que teñen como obxectivo recoñecer e poñer en valor a traxectoria dos persoeiros ou entidades máis salientables nos diferentes ámbitos das manifestacións culturais do país.

O xurado destes galardóns, presidido polo Conselleiro de Cultura e Educación, estimou concedernos á Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística o premio no apartado de lingua, recoñecendo así un labor colectivo de defensa e promoción do idioma no ámbito educativo protagonizado por centos de docentes e Equipos de Normalización Lingüística de centros escolares de toda Galicia, tanto no ensino público como no privado e concertado.

Desde o Consello Directivo da CGENDL, queremos deixar constancia da nosa inmensa gratitude para o xurado, non por ter en conta os nosos méritos individuais, senón por poñer de relevo a transcendencia social, cultural e pedagóxica da normalización lingüística, tal como nós a vimos entendendo desde o ano 2009: como un proxecto aberto e integrador que procura facilitar o uso do galego en todos os ámbitos da vida, libre de prexuízos e pexas históricas, e contando coa suma de vontades para que o noso idioma sexa un valor de futuro, e non unha peza arqueolóxica de museo. E isto implica, por suposto, unha actitude política consciente das dificultades que segue a padecer a cidadanía que desexa usar o galego sen escusas nin complexos. Unha actitude que fuxiu sempre do discurso *anestésico* do actual Goberno da Xunta con respecto ao idioma, pero tamén de sectarismos ideolóxicos estériles e improditivos.

Así mesmo, queremos compartir este galardón con todas aquelas persoas da comunidade educativa de Galicia (alumnado, familias, persoal docente ou administrativo...) que, curso tras curso, con doses enormes de entusiasmo, puxeron en marcha ou mantiveron activos un conxunto de proxectos normalizadores que converteron escolas e institutos nun espazo onde se fixo real ese lema que levamos aínda por bandeira: *Orgullosos/as do galego*. A toda esa xente, a nosa razón de ser, beizóns polo seu apoio e profesionalidade.

Non obstante, e a pesar de que desde a CGENDL nos sentimos moi honrados de ser galardoados a carón de persoas e entidades que admiramos, queremos facer público o noso rexeitamento do Premio da Cultura Galega 2015 na modalidade de Lingua, pois consideramos unha incongruencia aceptalo de mans dun Goberno que ten actuado, por obra ou omisión, en contra de todos os principios que defendemos a prol dunha normalización efectiva da lingua galega.

Non é este o lugar para facer explícitos todos os motivos que nos levaron a tomar esta decisión, que nos gustaría ter evitado. Pero tal como declararon noutra ocasión as

compañeiras e compañeiros de Prolingua, *“xulgamos lexítimo non aceptar ningún premio que veña hipotecado por agresións contra a mesma cultura que se finxe exaltar con protocolario boato”*. Noutra palabras: non podemos nin queremos ser incoherentes, aceptando un galardón que nos entrega un goberno que ignorou de modo persistente todas as demandas que os sectores máis comprometidos coa promoción do idioma levamos solicitando desde hai anos.

Porque, máis alá das boas palabras e da falsa retórica da liberdade lingüística, temos comprobado como este goberno presidido por Alberto Núñez Feijoo foi o primeiro que lexislou para limitar o uso do galego nas materias tecnolóxicas e científicas no ensino; foi tamén aquel que suprimiu as liñas de galego solicitadas polas familias en Educación Infantil, ou o mesmo que delegou a responsabilidade de “escoller” o idioma de escolarización nas nais e pais, ignorando os desequilibrios históricos entre unha lingua de ámbito estatal e outra minorizada. Foi, en fin, un goberno reticente coa promoción real do galego, a pesar das alarmantes estatísticas que convidan a cambiar de rumbo na política lingüística, e con urxencia.

En definitiva: os actuais membros do Consello Directivo da CGENDL non iremos recoller este premio, pois non nos presta vestir con traxe de gala en tempos que requiren roupa de faena. Porque as nosas fillas e fillos, que desexamos plurilingües, teñen dereito a escoitar máis galego dentro e fóra das aulas, para non condenalos á ignorancia de non saber de onde son nin de onde veñen. Porque non hai progreso sen memoria nin liberdade sen conciencia da propia identidade.

E, desde a nosa modesta independencia, seguiremos a carón dos que sementan futuro a prol dunha lingua que desexamos tan normal como calquera outra.

Consello Directivo  
Coordinadora Galega de ENDL  
3 de outubro de 2015